


PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

...



Índice

1. Lexislación
2. Análise sociolingüística do centro
3. Obxectivos xerais
4. Fomento do galego
 - 4.1 Obxectivos
 - 4.2 Liñas de actuación para o fomento da lingua galega
5. Actividades e estratexias de aprendizaxe
 - 5.1 Aportación de cada departamento
 - 5.2 Actividades desde a biblioteca
 - 5.3 Actividades de educación para o acceso á información
 - 5.4 As TIC ao servizo da mellora da competencia en comunicación lingüística do alumnado
6. Materias e linguas impartidas
7. Medidas adoptadas para que o alumno que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten
 - 7.1.1. *Alumnado sen exención en lingua galega, (1º, 2º ou 3º de ESO).*
 - 7.1.2. *Alumnado con exención en Lingua Galega.*
 - 7.1.3. Alumnado procedente de países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais
8. Procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais na ESA
9. Concreción de medidas e acordos
 - 9.1 Acordos Sobre Criterios Metodolóxicos Básicos De Actuación En Todas As Linguas
 - 9.2 Acordos Sobre A Terminoloxía
 - 9.3 Tratamento que se lles dará a contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística

10. Obxectivos e medios previstos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe

11. Anexos.

1. Lexislación

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

No IES POETA AÑÓN viñamos traballando cun Plan de Normalización Lingüística que foi aprobado no curso 1997/98 e que contribuíu positivamente a normalizar e regular o uso do galego no ensino, que é o idioma que empregan practicamente a totalidade dos alumnos do noso centro.

No curso 2008/2009 elaborouse un Proxecto Socio-lingüístico baseado no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e requiriu dun importante traballo ao longo dese curso escolar.

Este curso 2016/2017 revisamos o Proxecto Lingüístico, en base ao Decreto 79/2010, do 20 de maio. Este traballo foi realizado por un grupo de traballo constituído por profesorado de todos os departamentos de linguas do centro.

MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- ▶ **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- ▶ **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- ▶ **DECRETO 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29/06/15)
- ▶ **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

2. Análise sociolingüística do centro

O IES Poeta Añón pertence ao concello de Outes e está situado na súa capital municipal, A Serra de Outes. Este municipio atópase no suroeste da provincia de A Coruña, ocupando máis da metade da parte setentrional da ría que forma o río Tambre. Limita cos municipios de Noia, Mazaricos, Muros e Negreira. A capital municipal está na Serra.

O total de habitantes do concello é de 7243 persoas, segundo o censo realizado no 2011, o que supón unha densidade de poboación de 72,6 habitantes por km².

Máis da metade do alumnado do centro naceu e vive en aldeas do concello, tendo vivido fóra de Galicia moi poucos deles (15,8%)

A lingua habitual é o galego (74,6%), sendo esta a lingua na que aprendeu a falar máis da metade do alumnado (59,6%)

A aprendizaxe lecto-escritora levouse a cabo ben en galego, ben en galego e castelán. Todos son capaces de falar a lingua galega e case a totalidade son capaces de lelo e escribilo (98,2%); se ben máis da metade (61,1%) considera ter mellor destreza para falalo, o dominio para escribilo está por debaixo do dominio en castelán.

A actitude cara a lingua galega é positiva.

Polo que respecta ás familias, a media de pais/nais ten unha idade entre os 40-49 anos e naceu e reside no concello case na súa totalidade.

O 59,95% dos pais ten estudos primarios, sendo a porcentaxe do 36,85 no caso das nais.

A lingua habitual é o galego case na totalidade dos casos, sendo así mesmo a lingua que consideran que mellor dominan para falar pero non para escribir.

A maioría considera que na escola se deben impartir as dúas linguas oficiais (62,6%).

En canto a persoal do centro, case a totalidade naceu e vive en vila ou cidade fóra do concello e a metade deles viviu fóra de Galicia. Menos da metade fala habitualmente en galego (46,9%), sendo que o 34,4% aprendeu a falar nesa lingua.

A maioría foi escolarizada en castelán e todos son capaces de ler e escribir en galego, aínda que algún non sexa capaz de falalo. O dominio para falalo é moi semellante nas dúas linguas cooficiais, non así para escribilo, dándose un mellor dominio en castelán.

A porcentaxe de uso da lingua galega é inferior no ámbito familiar (fillos, parella) que no ámbito escolar.

3. Obxectivos xerais

- ▶ Unificación de criterios á hora de traballar a competencia en comunicación lingüística.
- ▶ Traballo das competencias do MCERL.
- ▶ Fomento da lectura en todas as materias.
- ▶ Actividades de escritura creativa.
- ▶ Potenciación da comprensión oral.
- ▶ Programación de debates sobre temas de interese.
- ▶ Realización de exposicións orais en torno a temáticas variadas
- ▶ Potenciación das técnicas de traballo intelectual (resumo, esquema e mapa conceptual) en todas as materias.
- ▶ Implicación das familias no fomento da lectura.
- ▶ Mellora da atención á diversidade e aumento da coordinación entre o profesorado de linguas e a profesora de PT.
- ▶ Emprego das TIC como ferramentas motivadoras que permitan mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.
- ▶ Fomento da integración socio-lingüística e escolar do alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiro, con nulo ou insuficiente dominio das linguas oficiais da Comunidade.
- ▶ Fomento da aprendizaxe das linguas estranxeiras do currículo a través de intercambios, proxectos educativos bilingües e viaxes didácticas.
- ▶ Fomento da coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade.
- ▶ Fomento do respecto e do coñecemento das outras linguas oficiais da Península.
- ▶ Fomento do emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.

4. Fomento do galego

4.1. Obxectivos

- ▶ Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia do país, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.
- ▶ Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que os axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos cara á lingua galega, que a fagan percibir como moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

4.2. E.D.L.G.

- ▶ Reforzar a idea de que o galego forma parte do noso patrimonio e fomentar o seu uso naqueles campos nos que o seu emprego é menos habitual.
- ▶ Contribuír a manter e, se cabe, aumentar o uso da lingua en todos os aspectos.
- ▶ Dar a coñecer na contorna do centro a obra da nosa figura máis representativa, Francisco Añón.
- ▶ Dar a coñecer a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- ▶ Colaborar con aqueles colectivos e institucións comprometidos coa defensa da lingua, especialmente os da nosa contorna.
- ▶ Reforzar o emprego do galego en todos os ámbitos.
- ▶ Estender o uso do galego a todas as materias sen menosprezar ás demais linguas.
- ▶ Espertar o interese pola cultura galega, en especial pola súa música tradicional.
- ▶ Potenciar o uso das TICs utilizando a explicación en lingua galega.
- ▶ Desbotar a idea de que unha lingua minoritaria é unha lingua minorizada.
- ▶ Eliminar calquera tipo de prexuízos ante as variedades dialectais da lingua.
- ▶ Fomentar no alumnado o interese pola expresión teatral, reforzando a idea de que a lingua galega tamén serve neste campo.
- ▶ Fomentar a relación entre o alumnado e os maiores, facéndolle ver que os maiores son unha fonte de información da cultura galega.
- ▶ Dotar ao centro de material en galego en todo tipo de soporte (libros, xornais, revistas, páxinas web, blogues...) e ao que calquera membro da comunidade educativa poida acceder doadamente.

- ▶ Dar pulo á cultura galega a través das súas diversas manifestacións (audicións de música, proxeccións de vídeos, filmes, representacións teatrais, charlas, exposicións, obradoiros ...).
- ▶ Propiciar información ás familias sobre a planificación anual do ENDL e sensibilizalas das vantaxes sobre o modelo de educación bilingüe.

5. Actividades e estratexias de aprendizaxe

5.1. Aportación de cada departamento

| MATERIA | COMPREENSIÓN ESCRITA |
|-----------------------------|--|
| Lingua galega e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Un libro de lectura trimestral obrigatorio; lectura de libros optativos ao longo do curso. ▶ Lectura de textos representativos dos tres grandes xéneros literarios: líricos, narrativos e dramáticos. ▶ Lectura de textos pertencentes a diferentes ámbitos: da vida académica, da vida cotiá, dos medios de comunicación e das relacións sociais. ▶ Lectura de textos narrativos de diferentes tipoloxías: argumentativos, descritivos, expositivos e instrutivos. |
| Lingua castelá e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Un ou dous libros (dependendo do nivel) de lectura trimestral. ▶ Lectura de libros optativos ao longo do curso. ▶ Lectura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e dialogados ao longo do curso. ▶ Lectura de textos representativos dos tres grandes xéneros literarios: líricos, narrativos e dramáticos. ▶ Lectura ao longo do curso de textos pertencentes a diferentes ámbitos: da vida académica, das relacións sociais, da vida cotiá e dos medios de comunicación. |
| Matemáticas | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lectura do texto inicial de cada unidade, normalmente relacionado coa historia das matemáticas. Lectura sobre curiosidades matemáticas, lectura que normalmente faremos usando internet. |
| Inglés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Un libro de lectura obrigatoria para o curso en 1º ESO ▶ Dous libros de lectura obrigatoria para todo o curso en 2º, 3º e 4º ESO. ▶ Lectura de textos narrativos, descritivos e dialogados durante todo o curso. |
| Francés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lectura de textos (narrativos, dialogados, descritivos...) do método de clase e de documentos auténticos en todos os niveis ao longo do curso. |

| | |
|---|---|
| Latín | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lectura de textos de diferente tipoloxía relacionados coa civilización romana. |
| Ciencias sociais | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Libros de lectura obrigatoria en todos os niveis. Un por avaliación. ▶ Selección de lecturas para realizar unha ficha de contido histórico e exposición na clase, utilizando programas tipo: Prezzi, PowerPoint, etc. ▶ Elaboración de textos persoais para o estudo histórico o artístico dunha época. ▶ Lectura e análise de artigos xornalísticos(sociais, económicos....). |
| Bioloxía e Xeoloxía | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lectura de textos e artigos científicos en todos os cursos. |
| Física e Química | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lectura de textos científicos e divulgativos. ▶ Lectura e análise de artigos científicos de actualidade, tanto en prensa escrita como na web. ▶ Lectura e busca de información para a preparación das prácticas, tanto en Física como en Química. ▶ Realización de actividades e cuestionarios na aula virtual para comprobar que se entenden os apuntes subministrados. |
| Educación Plástica Visual e Audiovisual | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Algunha lectura recomenda polo Departamento. Lectura de textos relacionados coa materia, cómics e historietas ilustradas ademais de visionado de películas subtituladas. |
| Música | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lectura de textos e artigos que abordan temas relacionados coa música tanto a nivel artístico como científico. |

| MATERIA | EXPRESIÓN ESCRITA |
|-----------------------------|--|
| Lingua galega e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Elaboración de textos pertencentes a diferentes ámbitos: da vida académica, da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. ▶ Elaboración de textos de diferente tipoloxía: narrativos, argumentativos, descritivos, instrutivos e expositivos. ▶ Elaboración de textos literarios. |
| Lingua castelá e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Producción propia de textos de diferente tipoloxía: narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos e dialogados. ▶ Producción de textos de diferentes ámbitos: da vida académica, da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. ▶ Redacción de textos persoais con intención literaria. |
| Matemáticas | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Copiado dos enunciados completos dos exercicios. ▶ Realización de traballos relacionados con biografías de persoeiros matemáticos ou sobre descubrimentos de interese para o alumnado. |
| Inglés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Creación de textos de diversa índole: cartas formais e informais, e-mails, biografías, receitas de cociña, descrições, diálogos, tarxetas de felicitación, relatos, poemas, notas, noticias, crónicas, entre outros, ao longo de todo o curso. |
| Francés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Producións escritas de distintos xéneros: diálogos, textos descritivos, biografías, cartas, tarxetas, formularios.... en todos os niveis ao longo do curso. |
| Latín | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Redacción de textos de diferente tipoloxía relacionados coa civilización romana: esquemas, resumes, exposicións, traballos... |

| | |
|--|--|
| <p>Ciencias sociais</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Elaboración de comentarios de textos históricos, artísticos... ▶ Completar textos co vocabulario específico da materia. ▶ Relacionar táboas de personaxes, elementos artísticos, etc. coas súas definicións. ▶ Elaborar textos explicativos de cadros ou táboas económicas/sociais, etc. ▶ Exposicións orais de cadros ou pintores máis representativos dunha época. |
| <p>Bioloxía e Xeoloxía</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Elaboración de traballos (textos) en diferentes formatos. ▶ Elaboración do caderno do alumno coas actividades da aula, así como o das prácticas realizadas no laboratorio redactadas seguindo o guión esixido. |
| <p>Física e Química</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Elaboración do caderno do alumno empregando as notas de clase e os apuntamentos dos que dispoñen na aula virtual. ▶ Entrega dos informes de prácticas seguindo o guión facilitado. Deben ser rigorosas, tanto nos contidos como na redacción e presentación das mesmas. ▶ Realización dalgún traballo en grupo ao longo do curso no que teñan que aplicar os pasos do método científico e aprendan a obter e seleccionar información de forma consensuada. |
| <p>Educación Plástica Visual e Audiovisual</p> | <p>DESCRIPCIÓN DUNHA POSIBLE ACTIVIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> ▶ Proponse o deseño e construción de personaxes tridimensionais xurdidas da lectura dunha narración. Cada alumno/a creará unha personaxe con papel maché. ▶ Ao finalizar realizarase un decorado, deseñado por grupos de alumnos, que reflectirá o ambiente espacial da narración e onde se reunirán todas as personaxes. |
| <p>Música</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Realización de comentarios de audicións. |

| MATERIA | COMPRESIÓN ORAL |
|-----------------------------|--|
| Lingua galega e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Audicións de textos das diferentes áreas dialectais da lingua galega. ▶ Audición de cancións de diferentes épocas e estilos de música galega. ▶ Visualización de vídeos referidos á sociolingüística, representacións teatrais e películas. |
| Lingua castelá e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Audicións centradas en textos de diferente tipoloxía e temática. |
| Matemáticas | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Compresión de enunciados de problemas expresados oralmente. |
| Inglés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Audicións centradas en temáticas variadas durante todo o curso así como visualización de vídeos. Referente a estas actividades, efectuaranse preguntas específicas de comprensión relativas ao contido. |
| Francés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ En todos os niveis faranse audicións de documentos auténticos ou deseñados para o ensino do francés, centrados en temáticas variadas durante todo o curso (ás veces acompañadas do visionado de vídeos). Esas audicións irán acompañadas por preguntas específicas de comprensión relativas o seu contido. ▶ Programas de autoaprendizaxe do francés co alumnado de 4º. |
| Latín | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Audición de textos de diferente tipoloxía e ámbito relacionados coa cultura romana. |

| | |
|--|---|
| <p>Ciencias sociais</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Lecturas na clase de textos históricos, biografías ou análises de autores antigos/contemporáneos. ▶ Exposicións orais de textos periodísticos. ▶ Debates sobre lecturas, programas, películas ou artigos. ▶ Visualización de vídeos, de xeografía, historia ou arte. |
| <p>Bioloxía e Xeoloxía</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Debates sobre lecturas de artigos científicos sobre os que farán preguntas tanto os propios alumnos como o profesor para comprobar a comprensión das mesmas. |
| <p>Física e Química</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Presentación de vídeos e animacións sobre contidos da programación ou temas de actualidade relacionados coa materia. |
| <p>Educación Plástica Visual e Audiovisual</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Visionado de vídeos e animacións subtituladas sobre contidos da programación en diferentes linguas, a través do blog do departamento. |

| MATERIA | EXPRESIÓN ORAL |
|-----------------------------|--|
| Lingua galega e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Exposicións orais sobre diferentes temas. ▶ Debates sobre temas acordados ou calquera outro que xurda no momento. ▶ Escenificación de textos teatrais e recitado de poemas. |
| Lingua castelá e literatura | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Debates sobre temas de actualidade ou de interese para o alumnado. ▶ Exposicións e presentacións orais sobre diferentes temas. ▶ Dramatización e recitado de fragmentos literarios breves. |
| Matemáticas | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Exposición de traballos realizados e de exercicios explicados polo alumnado. |
| Inglés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ “Role-plays” ou mini-diálogos nos que se reproducen situacións habituais da vida cotiá. ▶ Exposicións orais individuais e/ou grupais sobre temáticas variadas en cada trimestre. |
| Francés | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Escenificación de diálogos en grupos, exposicións orais de traballos e exercicios de clase en todos os niveis. ▶ Debates sobre temas de interese en 3º e 4º de ESO. ▶ Programas de autoaprendizaxe do francés co alumnado de 4º. |
| Latín | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Exposicións orais de traballos relacionados coa cultura romana. |
| Ciencias sociais | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Exposicións de traballos feitos polos alumnos. ▶ Debates sobre documentais e películas. ▶ Defensa dos seus exercicios e traballos diante da clase. ▶ Debate sobre temas de actualidade relacionados coa materia. |
| Bioloxía e Xeoloxía | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Exposicións e debates de temas científicos de actualidade empregando o vocabulario científico axeitado e esixido. |

| | |
|---|--|
| Física e Química | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Exposición oral dalgún dos traballos realizados en grupo, de forma que participen todos os membros e intentando que se estableza un debate co resto de compañeiros de clase. ▶ Realización de preguntas en clase que fomenten a participación do alumnado e axuden a mellorar a expresión oral empregando o vocabulario técnico que se lle proporcione ao longo do curso. |
| Educación Plástica Visual e Audiovisual | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Exposición oral dalgún dos traballos realizados en grupo. |

5.2. Actividades desde a biblioteca

ACTIVIDADES DE FOMENTO DE LECTURA

Dentro da súa programación anual, como xa se ven facendo nos últimos anos, o Equipo da Biblioteca será o encargado de organizar, promover e difundir as seguintes actividades:

- ▶ Realización de actividades de promoción, difusión e animación á lectura en datas significativas: Día das Bibliotecas, Día Contra a Violencia de Xénero, Día da Poesía, Día da Paz, Día da Muller, Día das Letras Galegas, Día do Libro, Día do Medio Ambiente)
- ▶ Organización de sesións de FORMACIÓN DE USUARIOS e difusión entre os titores de material de apoio dentro do ámbito da ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL.
- ▶ GUÍAS DE PÁXINAS WEB e MATERIAL MULTIMEDIA: Seleccionaranse e entregaranse ao profesorado unhas direccións web que poidan ser de interese para desenvolver actividades de formación documental. Nese sentido dende a biblioteca procurarase animar ao profesorado, a traballar nun proxecto común, no que cada materia poida colaborar dun modo diferente.
- ▶ Organización de “gymkanas” culturais, como a OLIMPIADA DO SABER, co fin de promover a consulta de enciclopedias e fondos da biblioteca colaborando así directamente na formación documental.

Ao formato en papel deste tipo de concursos, poderase engadir a elaboración de “webquests” e cazas do tesouro en soporte dixital coa fin de incorporar as TIC á formación documental.

Outras actividades:

- ▶ Club de Lectura.
- ▶ Visitas a bibliotecas da nosa contorna.
- ▶ Actividades de lectura en público.
- ▶ Programación de actividades sobre o tema anual da biblioteca .
- ▶ Xuntanzas con escritores.
- ▶ Contacontos.
- ▶ Participación do alumnado en obradoiros de poesía, lectura, escritura, banda deseñada...
- ▶ Elaboración dun blog de biblioteca de centro.
- ▶ Programación de actividades sobre películas (con motivo dunha data, un tema...).
- ▶ Exposicións de reseñas literarias feitas polo alumnado do centro.
- ▶ Promoción de campañas e boletíns con listaxes de libros aconsellados .
- ▶ Colaboración directa con entidades de tipo socio-cultural da contorna e coas familias.

HORA DE LER

- ▶ Establécese un tempo semanal de lectura para todo o alumnado de ESO mediante un calendario anual que será elaborado polo equipo da biblioteca co consenso do Claustro e dado a coñecer a toda a comunidade a través da páxina web do centro.
- ▶ Este calendario terá aplicación dende o 1 de outubro ata o 25 de maio de cada curso escolar, suspendéndose nas dúas últimas semanas de cada trimestre para facilitar a realización de exames.
- ▶ Esta sesión semanal será de obrigado cumprimento e establecerase para todos os grupos da ESO, que disporán dunha sesión semanal de 50 minutos dedicada a actividades de fomento da lectura.
- ▶ Os materiais de lectura serán escollidos polo profesor que teña a cargo o grupo nesas horas, aínda que o Equipo de Biblioteca facilitará materiais en relación coa temática tratada no Proxecto Anual, para achegar ao alumnado o tema traballado nalgúns horas de lectura.
- ▶ Debe lembrarse sempre que se trata dunha actividade de lecer e que non se pedirá ningún resumo, traballo ou proba sobre o lido.

COFRES DE LECTURA

Ao inicio de cada trimestre, equiparase cada aula cun cofre con documentos de distinto tipo (libros divulgativos, cómics, revistas, ficción, poesía...) adaptados á idade e gustos do alumnado. A idea é facer uso deste cofre cando falte un profesor e non teña asignada tarefa para o alumnado, ou ben para tempos “mortos” como, por exemplo, ao remate dun exame. Trátase de lectura silenciosa, sen pedir nada a cambio (nin resumos, nin exercicios, nin exames).

5.3. ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (Educación documental)

- ▶ Formar ao alumnado de 1º de ESO, dentro da materia de Investigación e Tratamento da Información, en tarefas de localización (formación de usuarios de biblioteca) e recuperación da información e dotalos das ferramentas necesarias para realizar traballos de investigación dun xeito autónomo.
- ▶ Manexo de ferramentas de busca de información na WEB: navegadores, motores de procura de información, enciclopedias en liña ...
- ▶ Actividades de formación de usuarios e alfabetización informacional, con todos os cursos que desenvolvan técnicas de procura de información usando como pretexto o tema traballado na biblioteca. Tamén organizaremos concursos sobre exposicións en relación coas datas conmemorativas contempladas na nosa programación de actividades.
- ▶ Publicación e difusión de traballos realizados polo alumnado sobre a temática proposta.

5.4. As TIC ao servizo da mellora da competencia en comunicación lingüística do alumnado

A comunicación lingüística do mundo actual desenvólvese na súa maior parte a través de ferramentas dixitais e multimedia. Non podemos obviar a necesidade de formar ao noso alumnado nesta competencia.

En todo momento, as TIC xogarán un papel primordial no proceso de ensino-aprendizaxe. Recorrerase constantemente aos encerados dixitais. Do mesmo xeito, empregaranse presentacións PowerPoint ou Impress, webquests, blogues educativos, entre outros recursos.

O alumnado usará as novas tecnoloxías da información e a comunicación como fontes de acceso ao saber á hora de realizar pequenos traballos de investigación.

A continuación, ofrecemos unha relación detallada de diversas actuacións que fomentan o emprego das TIC para mellorar a competencia en comunicación lingüística e a competencia dixital do alumnado:

- ▶ A materia de libre configuración “Investigación e Tratamento da Información” estase a dar ó alumnado de 1º de ESO, centrándose en tarefas de localización e recuperación da información e dotación das ferramentas necesarias para realizar traballos de investigación dun xeito autónomo. (Elaboración de materiais para a aprendizaxe de ferramentas como o procesador de texto e as presentacións web , para a súa posta en práctica nas distintas áreas).
- ▶ Realización de pequenos traballos de investigación en grupos heteroxéneos sobre temas conectados coa realidade máis inmediata do alumnado ou ben sobre temas específicos dunha determinada materia. O alumnado debe buscar información na internet, manipulala e transformala en coñecemento. A continuación, preparará unha presentación PowerPoint ou Impress que poderá ser utilizada como apoio para unha exposición oral. A través de dita exposición oral, o alumnado de cada grupo compartirá co resto da clase os resultados da súa investigación. O profesorado valorará tanto a presentación PowerPoint ou Impress como a exposición oral.
- ▶ Uso do procesador de textos (Writer de Libre Office) para realizar actividades de creación artística e para elaborar traballos de investigación, así como para abordar as técnicas de traballo intelectual (resumo, esquema, mapa conceptual).
- ▶ Uso de dicionarios online na lingua materna (DRAE/DRAG) e nos idiomas estranxeiros (Wordreference). No caso destes últimos, o alumnado, ademais de consultar o significado das palabras, pode escoitar a pronuncia das mesmas.
- ▶ Visionado de vídeos e a audición dos mesmos.
- ▶ Uso da aula virtual como ferramenta de comunicación entre o profesorado e o alumnado.
- ▶ Procura de información na internet sobre temas variados e a realización de actividades interactivas en distintas materias.
- ▶ Uso do correo electrónico para facilitar a comunicación entre alumnado-profesorado e entre alumnado e outros centros educativos.

6. Materias e linguas impartidas

| CURSO | Materia | Horas | Galego | % | Castelá | % |
|-------|---------------|-------|--------|---|---------|---|
| 1º | Lingua Galega | 4 | 4 | | | |

| | | | | | | |
|--|---|----|----|--|----|--|
| | Lingua Castelá | 4 | | | 4 | |
| | Inglés | | | | | |
| | Francés | | | | | |
| | Reforzo | | | | | |
| | Matemáticas | 5 | | | 5 | |
| | Xeografía e Historia | 3 | 3 | | | |
| | Bioloxía e Xeoloxía | 4 | 4 | | | |
| | Educación Física | 2 | 2 | | | |
| | EPV e A | 2 | | | 2 | |
| | Relixión | 1 | 1 | | | |
| | Valores éticos | 1 | | | 1 | |
| | Investigación e tratamento da información | 1 | | | 1 | |
| | Titoría | | | | | |
| | TOTAL = | 27 | 14 | | 13 | |

| | | | | | | |
|-----------|------------------|---|---|--|---|--|
| 2º | Lingua Galega | 3 | 3 | | | |
| | Lingua Castelá | 3 | | | 3 | |
| | Inglés | | | | | |
| | Francés | | | | | |
| | Reforzo | | | | | |
| | Matemáticas | 5 | | | 5 | |
| | Ciencias Sociais | 3 | 3 | | | |
| | Física e Química | 3 | | | 3 | |
| | Educación Física | 2 | 2 | | | |
| | Música | 2 | 2 | | | |
| | Tecnoloxías | 3 | | | 3 | |
| | Climántica | 1 | 1 | | | |
| | Relixión | 1 | 1 | | | |
| | Valores éticos | 1 | 1 | | | |

| | | | | | | |
|-------------------|----------------------|--------------|---------------|----------|----------------|----------|
| | Titoría | | | | | |
| | TOTAL = | 27 | 13 | | 14 | |
| | | | | | | |
| CURS 0 | Materia | Horas | Galego | % | Castelá | % |
| 3º | Lingua Galega | 3 | 3 | | | |
| | Lingua Castelá | 3 | | | 3 | |
| | Inglés | | | | | |
| | Francés | | | | | |
| | Cultura clásica | 2 | | | 2 | |
| | Física e Química | 2 | | | 2 | |
| | Matemáticas | 4 | | | 4 | |
| | Xeografía e Historia | 3 | 3 | | | |
| | Bioloxía e Xeoloxía | 2 | 2 | | | |
| | Educación Física | 2 | 2 | | | |
| | Música | 2 | | | 2 | |
| | Tecnoloxías | 2 | | | 2 | |
| | EPV e A | 2 | 2 | | | |
| | Relixión | 1 | 1 | | | |
| | Valores éticos | 1 | 1 | | | |
| | Titoría | | | | | |
| | TOTAL = | 29 | 14 | | 15 | |
| | | | | | | |
| 4º | Lingua Galega | 3 | 3 | | | |
| | Lingua Castelá | 3 | | | 3 | |
| | Inglés | | | | | |
| | Francés | | | | | |
| | Física e Química | 3 | | | 3 | |
| | Matemáticas | 4 | | | 4 | |
| | Ciencias Sociais | 3 | 3 | | | |

| | | | | | | |
|--|-------------------------|----|----|--|----|--|
| | Educación Física | 2 | 2 | | | |
| | Bioloxía e Xeoloxía | 3 | 3 | | | |
| | Cultura Científica | 3 | | | 3 | |
| | Latín | 3 | | | 3 | |
| | Música | 3 | | | 3 | |
| | Tecnoloxías | 3 | | | 3 | |
| | EPV e A | 3 | 3 | | | |
| | TIC | 3 | 3 | | | |
| | Ini. Activid. Emprende. | 3 | 3 | | | |
| | Economía | 3 | | | 3 | |
| | Relixión | 1 | 1 | | | |
| | Valores éticos | 1 | 1 | | | |
| | Titoría | | | | | |
| | TOTAL = | 47 | 22 | | 25 | |

7. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten

A competencia comunicativa, oral e escrita, dos alumnos é moi variada. Por iso, atenderase tanto aos alumnos que seguen un ritmo máis lento como a aqueles máis capacitados e con posibilidades de alcanzar metas superiores. A realización dunha proba inicial determinará as competencias lingüísticas de cada alumno e alumna, o nivel medio de coñecemento dos grupos, as dificultades máis comúns, e detectará os casos nos que o profesor considere conveniente aplicar medidas de reforzo ou ampliación, así como de orientación.

1. A principios de curso realizarase unha proba para avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado.
2. En caso de detectar algún alumno ou alumna con serias dificultades de comprensión ou expresión, o profesor/a remitirá o caso ao Departamento de Orientación para que este realice as probas oportunas e as medidas de atención á diversidade axeitadas.
3. Se as dificultades individuais detectadas non impiden o desenvolvemento e o seguimento normal da clase por parte do alumno, será o propio profesor quen determinará que medidas de reforzo se deben aplicar.

4. Se se trata de dificultades que ás que non se pode dar resposta con medidas ordinarias de atención á diversidade, o profesor/a de Lingua coordinarase co departamento de orientación para establecer as medidas extraordinarias que procedan.
5. En colaboración co orientador, o profesor de Lingua elaborará una Adaptación Curricular Significativa para os alumnos con necesidades educativas especiais, nos aspectos relacionados co ámbito lingüístico.
6. Revisaranse periodicamente os contidos para adaptalos á situación real de cada grupo e de cada alumno.
7. Reforzo en 1º e 2º de ESO para os alumnos exentos de Francés.

7.1. Alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de lingua castelá con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega.

▶ Alumnado sen exención en lingua galega, (1º, 2º ou 3º de ESO).

Con este alumnado, o Departamento de Lingua Galega, coa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación adoptará medidas de reforzo ou apoio para que o alumnado poida acadar os obxectivos marcados. Estas medidas concretaranse en:

- ▶ Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.
- ▶ Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación das estruturas básicas da lingua galega.
- ▶ Lectura de textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en lingua galega.

No caso das materias nas que este alumnado recibe a ensinanza en lingua galega, os respectivos departamentos didácticos, coa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación, adoptarán medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten. Concretaranse en:

- ▶ Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.
- ▶ Especial atención por parte do profesorado ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática, tanto no referido ás explicacións do profesor como ás que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

▶ Alumnado con exención en Lingua Galega.

Segundo o establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007 o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 4º de ESO ou Bacharelato, procedentes doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante dous cursos académicos.

Nas materias que se imparten en lingua galega rexerá o establecido no apartado anterior. En cumprimento do establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007, este alumnado deberá asistir obrigatoriamente ás clases de Lingua Galega como medio de integración lingüística e demostrar un aproveitamento das ensinanzas que recibe cun esforzo especial pola súa parte.

No caso de faltas de asistencia continuada sen a debida xustificación aceptada polo titor/a, e estando próximo a superar o límite establecido nas Normas de organización e funcionamento do Instituto, daráselle audiencia para apercibilo que, de continuar observando faltas de asistencia ata o punto de superar o devandito límite, procederase á revogación da exención concedida.

Ao mesmo tempo comunicaráselles por escrito esta circunstancia aos pais ou tutores legais e daráselles audiencia para explicarlles a situación orixinada.

Cando o alumnado con exención da cualificación nas probas de Lingua Galega manifeste un claro desaproveitamento e falta de interese pola materia, tendo sido apercibido por escrito sobre as consecuencias desa actitude na primeira e/ou segunda avaliación, e logo do informe do profesor ou profesora a finais de curso, non se concederá a segunda exención prevista no Decreto 124/2007. Se o alumno ou alumna xa estivera gozando desta segunda exención, o apercibimento farase necesariamente na primeira avaliación e na segunda, de persistir a situación, logo da audiencia ao interesado, pais ou tutores legais, procederase a revogar a exención.

► **Alumnado procedente de países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais**

Neste caso, establecerase na avaliación inicial o grao de coñecemento para aplicar, se fose necesario, unha ACIS. Se non fose necesaria esta medida, estudaríase a conveniencia doutras, como agrupamento específico, PMAR ou calquera das indicadas no apartado anterior.

De tratarse de alumnado do 1º e 2º da ESO, e de estar exento da materia de 2ª Lingua Estranxeira, poderanse empregar as sesións semanais desta materia para a realización de actividades de integración lingüística nas dúas linguas oficiais.

8. Procedementos que aseguren que o alumnado acada a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais

A competencia en comunicación lingüística fai referencia á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os procedementos que aseguran que o alumnado acada a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais na ensinanza de adultos consisten en levar a cabo actividades semellantes tanto a nivel oral como escrito nas dúas linguas oficiais, así como un reparto equitativo de sesións en cada unha das linguas. Tendo en conta que no horario figuran cinco sesións semanais para o ámbito de comunicación nas dúas linguas oficiais, o reparto pode verse modificado a favor dunha ou outra lingua se se considera que é necesario reforzar algún aspecto en calquera delas.

9. CONCRECIÓN DE MEDIDAS E ACORDOS

9.1. ACORDOS SOBRE CRITERIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EN TODAS AS LINGUAS

A produción e a comprensión oral e escrita de textos de diferente tipoloxía e ámbito é un obxectivo compartido en todas as materias lingüísticas. Por iso se seguirán en todas elas os seguintes criterios metodolóxicos:

1. Enfoque comparado

O estudo da gramática e da ortografía realizarase seguindo un método comparativo; é dicir, faranse notar, analizaranse e explicaranse as semellanzas e diferencias existentes entre as diferentes linguas estudadas polo alumno.

Tamén se seguirá un método comparado no estudo da literatura, establecendo os vínculos, analoxías e diverxencias entre as diferentes épocas, correntes literarias, autores, xéneros ou fenómenos culturais das literaturas galega, castelá e europea.

2. Enfoque integrado e comunicativo na produción e comprensión textual.

En todos os cursos e en todas as linguas, aínda que con diferente grao de profundidade, trataranse textos pertencentes a todas as tipoloxías textuais (narrativos, descritivos, argumentativos, dialogados e expositivos) e ámbitos de uso.

Procurarase que produzan diferentes tipos de textos pertencentes á mesma tipoloxía, para que así teñan que manexar unha maior variedade textual.

Os alumnos traballarán os diferentes tipos de textos mediante a realización de tarefas e/ou proxectos cunha finalidade comunicativa.

9.2. ACORDOS SOBRE A TERMINOLOXÍA

PLANO FÓNICO/FONOLÓXICO

Realizarase unha clasificación articulatória dos sons da lingua e representaranse seguindo o Alfabeto Fonético Internacional.

PLANO MORFOLÓXICO

Para os constituíntes da palabra utilizaranse as seguintes denominacións:

- ▶ Raíz ou lexema
- ▶ Morfemas libres ou independentes (forman palabra por si sos, nos necesitan un lexema).
- ▶ Morfemas ligados ou trabados (necesitan o apoio dun lexema).

Morfemas derivativos ou afixos (prefixos e sufixos)

Morfemas flexivos ou desinencias.

Empregaranse todos os termos indicados para que o alumno se familiarice con todos eles.

Na análise morfolóxica de verbos utilizarase a terminoloxía do *Esbozo da Real Academia Española* (1973):

- ▶ Modo indicativo: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto simple, futuro, condicional, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito perfecto, pretérito pluscuamperfecto, pretérito anterior.
- ▶ Modo subjuntivo: presente, pretérito imperfecto, pretérito pluscuamperfecto, pretérito perfecto, futuro, futuro perfecto.

Nas linguas estranxeiras utilizaranse os termos propios de cada lingua e establecerase a correspondencia coa terminoloxía empregada na lingua propia (galego/castelán).

- ▶ En francés: *présent, imparfait, passé simple, futur, passé composé, plus-que-parfait, passé antérieur, futur antérieur e conditionnel*.
- ▶ En inglés: *present, present continuous, present perfect, past continuous, past perfect, future simple, future perfect, future continuous...*

PLANO SINTÁCTICO

Para nomear as unidades sintácticas utilizaranse os termos sintagma nominal, sintagma verbal, sintagma adxectivo, sintagma adverbial e construción preposicional.

Para nomear as diferentes funcións sintácticas empregaranse os termos: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, atributo, predicativo e complemento de réxime.

A representación gráfica da análise sintáctica realizarase mediante caixas.

As oracións coordinadas clasificaranse en copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e explicativas. As subordinadas clasificaranse en adxectivas, substantivas, adverbiais e adverbiais impropias (condicionais, causais, consecutivas, concesivas, comparativas e finais). Incidirase en que as chamadas subordinadas adverbiais impropias e nas coordinadas adversativas se establece unha relación sintáctica de interdependencia ou interordinación (relación que non recoñece a gramática tradicional).

PLANO SEMÁNTICO

Diferenciarase o campo semántico do asociativo.

Diferenciaranse os hiperónimos dos holónimos, e os hipónimos dos merónimos.

PLANO TEXTUAL

Recoñeceranse cinco tipoloxías textuais básicas: narración, descrición, argumentación, exposición e diálogo.

Análise de textos narrativos:

As diferentes modalizacións narrativas estableceranse seguindo a terminoloxía de Friedman : narrador omnisciente (neutral e editorial), cámara, modo dramático, eu protagonista e testemuña.

Para a clasificación dos personaxes segundo o seu grao de complexidade seguirase a terminoloxía de Forster : personaxes planos e redondos.

Na análise do tempo da narración distinguirase:

- ▶ Tempo verbal.
- ▶ Tempo histórico.
- ▶ Relacións entre o tempo da historia e do discurso (Genette e Todorov):
 - Orde lineal: hai un axuste entre o tempo da historia e do discurso.
 - Orde non lineal: hai un desaxuste entre o tempo da historia e do discurso (analepse/flash-back e prolepse).

10. Tratamento que se lles dará a contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística

Comunicación oral: escoitar e falar

| | |
|-------------------------|---------------------------------------|
| ELEMENTOS COMÚNS | TRATAMENTO NAS DISTINTAS ÁREAS |
|-------------------------|---------------------------------------|

1.1.

Comunicación oral: escoitar e falar.

- ▶ Presentacións orais
- ▶ Debates
- ▶ Comprensión oral

Criterios consensuados e comúns corrección e na valoración das exposicións e presentación orais, debates e comprensión oral.

1.2. PRESENTACIÓNS ORAIS

Valoraranse os seguintes aspectos:

1) Estrutura:

- ▶ Introducción. Débese presentar o tema de forma clara, breve e motivadora.
- ▶ Corpo. Exposición das ideas. Débese mostrar solvencia e confianza ao expresar os coñecementos, presentando a información precisa e pertinente para o desenvolvemento do tema.
- ▶ Conclusión. Contén as ideas principais da exposición.
- ▶ Debate/Coloquio. Aclaración de dúbidas, respostas a preguntas...

2) Utilización de material auxiliar(encerado, Prezzi, PowerPoint...).

- ▶ Adecuada distribución do tempo.
- ▶ Pronunciación clara e cun ton de voz, velocidade e entoación apropiados.
- ▶ Captación da atención dos receptores.
- ▶ Coherencia, cohesión e adecuación.
- ▶ Corrección lingüística.
- ▶ Vocabulario rico, variado e adecuado.
- ▶ Ausencia de retrousos e repeticións innecesarias.

1.3. DEBATES

1) Recoñecemento e uso das regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates.

- ▶ Respecta as quendas de palabra sen interromper aos demais, e escoita o que din para poder argumentar a favor ou en contra.
- ▶ Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menospreceino a opinión do resto.
- ▶ Deixa participar e intervir aos demais.

| | |
|---|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Segue as instrucións do moderador. <ol style="list-style-type: none"> 2) Coñecemento profundo do tema. Demostra solvencia e confianza ao expresar os seus coñecementos, presentando a información máis precisa e pertinente para o desenvolvemento do tema. 3) Utilización de argumentos variados, pertinentes, válidos e con forza argumentativa: <ul style="list-style-type: none"> ▶ Argumentos de apoio á tese propia. ▶ Concesións á tese contraria que se admiten provisionalmente. ▶ Refutacións ou argumentos cos que se rebate total ou parcialmente a tese contraria. ▶ Contraargumentos que invalidan os argumentos contrarios ou as concesións que se admitiron previamente. ▶ Ausencia de falacias. 4) Uso correcto de conectores para ordenar e conectar argumentos, refutar, expresar acordo, desacordo, contraste e concluír. 5) Corrección lingüística. 6) Usa un vocabulario rico, preciso e claro. <p>1.4. ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN ORAL:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Recoñecemento da idea principal. 2) Identificación da finalidade comunicativa do texto. 3) Extracción das ideas. 4) Distinción das intencións implícitas. |
| <p>BLOQUE 2</p> <p>Comunicación escrita: ler e escribir.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▶ Textos das diferentes tipoloxías: narrativos, expositivos, descritivos e argumentativos. | <p>2.1. CRITERIOS CONSENSUADOS E COMÚNS NA CORRECCIÓN E VALORACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS DE DIFERENTE TIPOLOXÍA E ÁMBITO</p> <p>Desde todas las materias fomentarse o traballo de investigación conforme a diversas modalidades que dependerán do nivel académico do alumnado: busca puntual /ou ocasional sobre contidos traballados nas unidades didácticas (diccionario, enciclopedia, manual, internet, etc.), pequeno traballo de indagación</p> |

► Textos de diferentes ámbitos de uso:

a) textos académicos: traballos, resumes, esquemas...

b) textos da vida diaria e das relación sociais: cartas (familiares e comerciais), avisos, notas, instrucións, normas, instancias, curriculum vitae, reclamacións, actas, circulares, informes...

c) textos dos medios de comunicación: noticias, entrevistas, editoriais, artigos de opinión, cartas ao director...

(orientado a partir de preguntas-guía), traballo dirixido de busca de fontes a partir dunha bibliografía determinada ou direccións de Internet ou o gran traballo de investigación autónomo de busca de fontes sen orientación bibliográfica.

2.2. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN ESCRITO

1) ESTRUCTURA

Debe conter obrigatoriamente as seguintes partes:

- PORTADA. Nela debe aparecer : Título, nome e apelidos do autor/a, curso, nome da materia, nome do profesor/a, data de entrega.
- ÍNDICE. Debe aparecer despois da portada , non se numera, hai que poñer os capítulos e seccións do traballo de maneira ordenada.
- INTRODUCCIÓN. Nela debe constar a explicación do tema elixido, os temas ou ideas que se van a traballar, a estrutura que se vai seguir na que se explique como se organizou o traballo. Debe ser breve, como máximo dúas páxinas.
- CORPO. Neste apartado é necesario coidar o vocabulario que se emprega e a redacción no desenvolvemento do tema.
- CONCLUSIÓN. Debe gardar relación directa coa introdución e debe incluír un resume das ideas principais e a opinión persoal respecto do aprendido.
- BIBLIOGRAFÍA. Todo traballo de investigación debe indicar as fontes de información consultadas durante a realización do traballo. Non se numeran e deben estar ordenadas alfabeticamente.
- ANEXOS (Optativo). Se no traballo aparecen varios anexos, inclúense nun índice de anexos despois da bibliografía.

2) PRESENTACIÓN. Normas básicas:

- ▶ Aspecto externo (portada, follas iguais e numeradas, encadernado...)
- ▶ Diferenciación adecuada dos apartados (portada, índice...)
- ▶ Extensión adecuada ás esixencias do traballo.
- ▶ Traballos manuscritos: caligrafía, pulcritude e limpeza, tinta azul ou negra, maiúsculas e subliñados para resaltar títulos, marxes, separación entre parágrafos... -
- ▶ Traballos a ordenador: tipo de letra Arial 12, espazo interlineal 1,5.
- ▶ Respectar as marxes dereita, esquerda, superior e inferior.
- ▶ Sangría ao comezo de cada parágrafo.

3) CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA e ORTOGRÁFICA

4) PUNTUACIÓN

5) VOCABULARIO. Uso de vocabulario rico, variado e adecuado

6) COHERENCIA, COHESIÓN E ADECUACIÓN

7) PROFUNDIDADE, RIGOR E EXHAUSTIVIDADE NO TRATAMENTO DO TEMA.

8) Respecto polos PRAZOS DE ENTREGA

9) Nos demais producións escritas valorarase:

- ▶ Presentación: marxes, limpeza, letra, espazo interlineal, sangrías...
- ▶ Ortografía, puntuación e corrección gramatical.
- ▶ Adecuación, coherencia e cohesión.
- ▶ Contido, convencións, elementos e estruturas propios de cada tipo de texto.

10) COMPRENSIÓN ESCRITA

O contido das preguntas versará sobre os seguintes parámetros:

- ▶ Extracción de información.
- ▶ Exercicios de comprensión.
- ▶ Reflexión sobre a forma do texto e valoración.

| | |
|---|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> ▶ Desenvolvemento dunha interpretación. ▶ Reflexión sobre o contido e valoración. ▶ Cuestións sobre a estrutura do texto e a forma de organizarse. ▶ Recoñecemento da tipoloxía textual e das súas características e estruturas. |
| <p>BLOQUE 3</p> <p>Coñecemento da lingua</p> | <p>3.1. ENFOQUE COMPARADO</p> <p>Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que o alumnado coñece.</p> <p>O estudio da gramática e da ortografía realizarase seguindo un método comparativo; é dicir, faranse notar e explicaranse as semellanzas e diferenzas existentes entre as diferentes linguas estudadas polo alumno, incidindo especialmente nas posibles interferencias ou falsos amigos.</p> <p>A fin de evitar a repeticións, os contidos de sociolingüística e historia da lingua serán impartidos pola materia de Lingua Galega, e Literatura, e os de sintaxe por Lingua castelá e Literatura.</p> |
| <p>BLOQUE 4</p> <p>Educación literaria</p> | <p>Seguirase un método comparado no estudio da literatura, establecendo os vínculos, analoxías e diverxencias entre as diferentes épocas, correntes literarias, autores, xéneros ou fenómenos culturais das literaturas galega, castelá e europea.</p> |

11. Obxectivos e medios previstos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe.

Os **obxectivos** establecidos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe con dúas seccións en 2º e 3º ESO no curso 2017-18 son os seguintes:

1. Comprender e elaborar mensaxes orais e escritos en lingua inglesa coa suficiente corrección e propiedade, adquirindo un dominio aceptable do vocabulario específico da materia de música.
2. Utilizar progresivamente a lingua inglesa como vehículo de comunicación.
3. Lograr un coñecemento básico de manifestacións culturais en xeral, e musicais en particular máis relevantes dos países de fala inglesa, en especial do Reino Unido e os Estados Unidos de América.
4. Adquirir un manexo suficiente, autónomo e crítico de fontes de información en lingua inglesa, tanto as de carácter enciclopédico ou bibliográfico como, especialmente, as ligadas ás novas tecnoloxías da comunicación (Internet).
5. Superar temores infundados de cara ó uso doutras linguas, que bloquean na práctica un manexo máis eficaz das mesmas.
6. Desenvolver unha actitude máis aberta e desexosa de comunicarse con persoas doutros países e coñecer a súa cultura.

MEDIOS PREVISTOS

RECURSOS HUMANOS:

- ▶ A materia de Música será impartida polo profesor da súa especialidade con destino definitivo no centro e coa titulación en Inglés requirida
- ▶ Dúas profesoras especialistas de Lingua Inglesa. Cada sección bilingüe será coordinada por aquela docente que imparte a materia de Inglés nese grupo.

Sería desexable para un maior aproveitamento do proxecto por parte do alumnado, a incorporación á docencia dun Auxiliar nativo de conversación.

RECURSOS TIC

- ▶ 2 aulas TIC.
- ▶ Aula de Música.
- ▶ Aulas ABALAR (2º ESO).
- ▶ Aulas dotadas con Ecerado Dixital Interactivo, portátil do profesor e vídeo proxector (3º ESO).
- ▶ Biblioteca equipada con 6 ordenadores con conexión a Internet.
- ▶ Cámara fotográfica e cámara de vídeo dixitais.
- ▶ Software educativo de procesamento de texto, imaxes, son e vídeo.
- ▶ Páxina web do centro.
- ▶ Blog do Proxecto Bilingüe (creación prevista no actual curso 2016-17).

RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:

- ▶ Libros de apoio: dicionarios bilingües, monolingües, libros de lectura graduados de diferentes niveis e material de consulta dispoñible na Biblioteca do centro e nos Departamento de Música e Inglés.

12. Táboa de valoración de traballos dixitais

Todos os elementos indicados a continuación son tratados na materia de Investigación e tratamento da información impartida en 1º de ESO. Todo o alumnado ten a súa disposición unas guías de realización de traballos, elaborados coa colaboración do Equipo de biblioteca, dos Departamentos de lingua e lingua e do Coordinador TIC.

O conxunto dos Departamentos do Centro acordaron os seguintes aspectos a valorar:

1. Traballos con procesador de texto

| Elementos mínimos esixidos para unha valoración positiva. |
|--|
| ▶ Portada (co nome da materia, título, nome e clase, curso escolar e se é o caso cunha imaxe). |
| ▶ Índice (numerado e indicando o número de páxina correspondente a cada apartado). |
| ▶ Introducción. |
| ▶ Apartados que compoñen o corpo central do traballo (con numeración que se corresponda ó índice, información seleccionada, resumida e coherente). |
| ▶ Conclusión. |
| ▶ Bibliografía (cun mínimo de dúas fontes fiables de información e indicando a procedencia tanto de información escrita como de imaxes). |
| ▶ Encabezado (co nome da materia e/ou título do traballo). |
| ▶ Paxinación (feita no rodapé de xeito automático). |
| Outros aspectos a tomar en conta na valoración. |
| ▶ A corrección ortográfica. |
| ▶ O tamaño de letra entre 12 e 14 salvo en portada e títulos. |
| ▶ O entreliñado de 1.5. |

- ▶ O envío en formato Libre Office e PDF.

2. Traballos con presentacións dixitais

Elementos mínimos esixidos para unha valoración positiva.

- ▶ Portada acompañada por unha introdución oral.
- ▶ Índice.
- ▶ Apartados que compoñen o corpo central do traballo (que se correspondan ó índice, información seleccionada, resumida e coherente).
- ▶ Aparecen imaxes de calidade que completan a información.
- ▶ Conclusión.
- ▶ Bibliografía (cun mínimo de dúas fontes fiables de información e indicando a procedencia tanto de información escrita como de imaxes).

Outros aspectos a tomar en conta na valoración.

- ▶ A corrección ortográfica.
- ▶ Efectos de transición e/ou son.
- ▶ O tamaño de letra e espaciado adecuado para a proxección na aula.
- ▶ O envío en formato Impress e PDF.

13. Anexos